

## **TEMA 5: AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS. (II)**

Vimos cales eran os sectores económicos e as actividades que pertencían a cada un deles. Agora imos falar dalgunha dasas actividades.

### **SECTOR PRIMARIO:**

**Agricultura:** Diferenciamos a **agricultura de secano** (que precisa pouca auga e ocupa a maior parte das terras de cultivo) e a **agricultura de regadío**, que é más rendible.

**Pesca:** Aquí temos a **pesca de altura** (que se leva a cabo en augas afastadas da costa e con grandes barcos) e a **pesca de baixura** (que se realiza en augas próximas á costa e barcos pequenos).

### **SECTOR SECUNDARIO:**

**Minería:** Distinguimos entre explotacións mineiras **subterráneas** (que extraen os minerais do interior da terra mediante pozos, minas e galerías) e **a ceo aberto** (nas canteiras).

**Fontes de enerxía:** Diferenciamos as **fontes de enerxía non-renovables ou tradicionais** (as súas cantidades son limitadas e poden chegar a esgotarse, como o carbón, o gas, o petróleo ou a enerxía nuclear) e as **fontes de enerxía renovables ou alternativas** (son fontes inesgotables e non contaminan, como a auga, o sol ou o vento).

**As actividades industriais:** Podemos distinguir aquí entre as **industrias de base** (transforman as materias primas en produtos elaborados para outras industrias), as **industrias de bens de equipo** (que producen as ferramentas e maquinaria que necesitan outras industrias) e as **industrias de bens de consumo** (que fabrican produtos que consumimos directamente).

### **SECTOR TERCIARIO:**

**O comercio:** Aquí temos o **comercio interior** (dentro dun país) e o **comercio exterior** (entre distintos países). Ademais distinguimos entre a **exportación** (venda de produtos e bens a outro país) e a **importación** (compra de produtos e bens doutro país).

**O turismo** comprende os desprazamentos temporais de persoas a diferentes lugares en busca de ocio, diversión ou descanso.

1. Di as diferenzas que hai entre a pesca de baixura e a pesca de altura.
2. Que diferenza hai entre a minería subterránea e a de ceo aberto?
3. Cal é a diferenza entre as fontes de enerxía renovables e as non-renovables?
4. Cales son as diferenzas entre exportación e importación?
5. En que consiste o turismo?